

ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DIA 25 DE MAIO DO 2009.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día vintecinco de maio de dous mil nove; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don Anxo Collarte Pérez, Don José Ignacio Gómez Pérez e Dona Manuela Iglesias Collarte. Non asiste Don. Emilio Jose Cuiñas Otero-

Está presente o Secretario do concello, Don Pablo Portela Fernández.

Está presente o Interventor do concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan ser os seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 18 de maio do dous mil nove (Ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

Non houbo

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

1º.- Escrito do **xuzgado do contencioso** nº1 con data de entrada no Concello 21 de abril do 2009 e nº RE 2641, mediante o que estima o recurso contencioso administrativo tramitado como procedemento abreviado nº 302/2008 contra resolución de data 6 de xuño do 2008 adoptada polo Sr. Alcalde mediante a que se acordaba desestimar o recurso de reposición interposto por particular contra o acordo da xunta de goberno local adoptado en sesión ordinaria de 07 de abril do 2008 anulando ambas resolucións.

2º.- Escrito do **Ministerio de Medio Ambiente** con data de entrada no Concello de 20 de maio do 2009 e nº RE 3250 no que se require documentación para a solicitude feita polo Concello para labores de limpeza nas marxes do río Avia.

3º.- Escrito do **Ministerio de Medio Ambiente** con data de entrada no Concello de 20 de maio do 2009 e nº RE 3252 relativo a autorización para execución de labores de limpeza na zona de policía na marxe dereite e esquerda do río Avia.

4º.- Escrito da **Deputación Provincial de Ourense** con data de entrada no Concello de 18 de maio e nº RE 3193 relativa a resolución da convocatoria de subvencións a concellos para organización de actividades deportivas no ano 2009.

5º.- Escrito de **Unión Fenosa** con data de entrada no Concello de 19 de maio e nº RE 3211 relativo solicitude de instalación de acometida en Ventosela, San Paio.

6º.- Escrito de **Adif**, con data de entrada no Concello de 19 de maio e nº RE 3210 relativo a outorgamento da autorización solicitada polo Concello para efectuar cruces con tuberías de auga nos puntos PP.KK 69/607 69/846 E 70/640 da liña Monforte – Vigo.

7º.- Escrito do **Ministerio de Interior**, con data de entrada no Concello de 25 de maio e nº RE 3327 relativo a realización de xornadas de traballo en beneficio da comunidade, por un particular, a xunta de goberno local acorda por unanimidade dos seus membros denegar a solicitude feita pola dirección xeral de institucións penitenciarias para un particular porque actualmente ten todos os servizos cubertos.

8º.- Escrito da consellería de **Economía e Facenda** de data de entrada no concello 09 de marzo do 2009 e nº RE 1693 relativo a reversión do local sito na rúa García Penedo nº3 desa localidade.

9º.- Comunicación da **Consellería de Sanidade** de data de entrada no Concello de 18 de maio do 2009 nº RE 3194 en relación co programa de vixilancia sanitaria das piscinas de uso colectivo mediante o que se lembra ó concello a obrigatoriedade de solicitar autorización sanitaria de reapertura da instalación cumprimentando o modelo normalizado.

5.- CUESTIONS ECONOMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

GASTOS E FACTURAS VARIAS.-

Vistas as facturas e demais documentos xustificativos das prestacións que se expoñen á fiscalización conforme da Intervención municipal e considerando que, existe crédito orzamentario no orzamento de gastos para o exercicio 2008, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, e en uso das facultades en canto á xestión do gasto conferidas polo RD Lexislativo 2/2004 e RD 500/1990, delegadas pola Presidencia, acorda:

Primeiro.- O recoñecemento e liquidación das obrigas e polos importes que a continuación se expoñen, con imputación ás partidas correspondentes.

LORMAN PRODUCCIONES ARTISITICAS S.L., factura por servizos de espectáculos prestados nas festas do Portal 2008, por importe de 20.416 euros.

Segundo.- Convalidar a aprobación das facturas realizadas por Resolución da Alcaldía e que seguido relacionanse:

CONGALLE S.L., servizo de recollida de R.S.U. correspondente o mes de outubro 2008, por importe de 7.054,47 euros.

CATOURE S.L., traballos de asistencia técnica a recadación (factura 204/2007), por importe de 15.601,36 euros.

Segundo.- Comunicar este acordo e ordenar aos servizos de Intervención e Tesourería a súa contabilización e pago.

6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as dúas e cuarto do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.

O ALCALDE

O SECRETARIO